



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito: Teoría do dereito

Materia	Dereito: Teoría do dereito			
Código	V03G720V01111			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Pacho Blanco, José Manuel			
Profesorado	Pacho Blanco, José Manuel			
Correo-e	xmpacho@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A asignatura de Teoría do Dereito é unha materia de formación básica no Grao en Dereito. Permite un achegamento ao mundo xurídico dende unha reflexión máis abstracta e filosófica para comprender o Dereito nas sociedades actuais.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
O obxectivo básico desta materia é formar aos estudantes para coñecer o Dereito na súa globalidade, para manexalo axeitadamente na súa aplicación como sistema de resolución pacífica dos conflitos sociais, e coñecer dende un marco de referencia mais abstracto que os das materias propias da dogmática xurídica. Coñecendo e manexando as diferentes correntes xurídicas e os seus xuristas fundamentais, así como o propio concepto de Dereito e as funcións. Coñecer o Ordenamento xurídico e a teoría da norma xurídica, das principais institucións, dos principios e valores recoñecidos na Constitución e das relacións do Dereito con outros ordenamentos normativos.	A1 A2 A3 A4 A5

## Contidos

Tema	
------	--

I. O Dereito como forma de organización social e como sistema normativo.	<p>LECCIÓN 1. O concepto de Dereito</p> <p>1.1 Por que o Dereito?</p> <p>1.2 O concepto de Dereito.</p> <p>1.3 Positivismo e lusnaturalismo.</p> <p>1.4 O Dereito como sistema normativo.</p> <p>1.5 Validez, eficacia e xustiza.</p>
	<p>LECCIÓN 2. O Dereito como forma de organización social</p> <p>2.1 O Dereito como forma de organización social.</p> <p>2.2 O control social e o Dereito.</p> <p>2.3 Dereito e cambio social.</p> <p>2.4 As funcións do Dereito.</p>
	<p>LECCIÓN 3. O Dereito e outras ordes normativas</p> <p>3.1 Introducción: o Dereito e outras ordes normativas.</p> <p>3.2 O Dereito e os usos sociais.</p> <p>3.3 O Dereito e a moral.</p> <p>3.4 Conexións entre Dereito e moral.</p> <p>3.5 Ética pública e ética privada.</p> <p>3.6 O Dereito como realización da moralidade: moral legalizada.</p> <p>3.7 A obediencia ao Dereito. Resistencia, desobediencia e obxección de conciencia.</p>
	<p>LECCIÓN 4. Dereito e Forza</p> <p>4.1 Dereito e forza.</p> <p>4.2 Dereito e poder político: aproximación histórica.</p> <p>4.3 Dereito e poder: aproximación sistemática.</p> <p>4.4 O Estado de Dereito e os seus tipos.</p> <p>4.5 A Crise dos Estados modernos.</p>
II. A ciencia do Dereito.	<p>LECCIÓN 5. O coñecemento científico do Dereito</p> <p>5.1 Introducción: a polémica sobre a súa existencia.</p> <p>5.2 A ciencia do Dereito.</p> <p>5.3 A socioloxía do Dereito.</p> <p>5.4 A filosofía do Dereito</p>
III. Teoría do Dereito: a norma xurídica e o ordenamento xurídico.	<p>LECCIÓN 6. A norma xurídica</p> <p>6.1 A norma como proposición prescritiva.</p> <p>6.2 Principais dimensións da norma xurídica.</p> <p>6.3 Clasificación das normas xurídicas.</p> <p>6.4 Principios e regras.</p>
	<p>LECCIÓN 7. O ordenamento xurídico</p> <p>7.1 O ordenamento xurídico como sistema.</p> <p>7.2 A unidade do ordenamento xurídico.</p> <p>7.3 A coherencia do ordenamento xurídico e o problema das antinomias.</p> <p>7.4 A plenitude do ordenamento xurídico e as lagoas.</p> <p>7.5 Conclusións: a comprensión do ordenamento xurídico.</p>
	<p>LECCIÓN 8. A produción normativa</p> <p>8.1 A produción normativa.</p> <p>8.2 O Dereito legal e o Dereito xudicial.</p> <p>8.3 Outras normas de produción normativa.</p> <p>8.4 Concepto e clasificación das fontes normativas.</p> <p>8.5 Tipos de fontes do Dereito no ordenamento xurídico español.</p>
IV. A Interpretación e aplicación do Dereito.	<p>LECCIÓN 9. Interpretación e aplicación do Dereito</p> <p>9.1 Interpretación e aplicación do Dereito.</p> <p>9.2 Os criterios de interpretación.</p> <p>9.3 A interpretación da Constitución.</p> <p>9.4 O Dereito como argumentación.</p>
V. Conceptos xurídicos fundamentais.	<p>LECCIÓN 10. Conceptos xurídicos fundamentais</p> <p>10.1 A relación xurídica.</p> <p>10.2 O dereito subxectivo.</p> <p>10.3 O deber xurídico.</p> <p>10.4 A sanción xurídica. Ilícito e delito.</p>
VI. Os problemas do Dereito xusto e a eficacia do Dereito.	<p>LECCIÓN 11. Xustiza e Dereito</p> <p>11.1 Xustiza e Dereito.</p> <p>11.2 As relacións entre dereito e política.</p> <p>11.3 As teorías da Xustiza.</p> <p>11.4 A teoría da Xustiza de John Rawls.</p>

LECCIÓN 12. A lexitimidade do poder e xustiza do Dereito  
 12.1 Lexitimidade do poder e xustiza do Dereito.  
 12.2 A xustiza formal: a seguridade xurídica.  
 12.3 A xustiza material: liberdade, igualdade e solidariedade.  
 12.4 Os dereitos fundamentais, os valores e os principios como desenvolvemento da idea de xustiza.

LECCIÓN 13. O Dereito como sistema de garantías  
 13.1 A crise do Dereito e a crise da razón xurídica: o modelo garantista.  
 13.2 Racionalidade formal e sustancial.  
 13.3 Democracia formal e democracia sustancial.  
 13.4 O papel do xuíz nas democracias actuais.  
 13.5 A ciencia xurídica e o reto da complexidade.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	23.5	41	64.5
Lección maxistral	50	70	120
Presentación	0	5	5
Exame de preguntas obxectivas	3	17.5	20.5
Práctica de laboratorio	2	9	11
Presentación	1	3	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Formulación e resolución de dúbidas teóricas e prácticas.
Presentación	Formulación e resolución de dúbidas sobre a exposición pública.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Exame con varias preguntas a desenvolver. Será necesario alcanzar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 para que se valore a avaliación continua de prácticas e traballos.	70	A1 A3 A4 A5
Práctica de laboratorio	Resolución de casos prácticos, destinados a valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, a análise e o razoamento críticos.  Para superar a materia será necesario acadar nas probas una nota media de 5 puntos Os alumnos cando se avalían de esta metodoloxía están avaliando o resultado de aprendizaxe que figura no apartado segundo da guía docente.	15	A1 A2 A3 A4
Presentación	Presentación oral ou escrita dun tema ou dun libro relevante para o estudo da teoría do Dereito e do pensamento xurídico, e análise crítico do mesmo.	15	A1 A2 A3 A4 A5

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira Convocatoria ordinaria. Sistema de avaliación continua. Os alumnos e alumnas que se acollan ao sistema de avaliación continua serán avaliados segundo os criterios sinalados anteriormente. Na proba final, o exame suporá o 70% da cualificación final, tendo que a acadar o estudante unha cualificación mínima de 5 sobre 10, para que sexan tidas en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua.

O exame consistirá no desenvolvemento de preguntas a desenvolver, de conformidade coas indicacións que no seu momento se concretarán. As notas obtidas no proceso de avaliación continua conservaranse para a segunda oportunidade sempre que o estudante alcance a cualificación mínima de 5 sobre 10.

-Sistema de exame final. Os alumnos e alumnas que non seguiron ou non superaron a avaliación continua terán dereito a un examen final teórico e práctico no que se avaliarán as competencias globais da materia e constituirá o 100 % da cualificación da materia. O exame consistirá nunha parte teórica donde se farán preguntas a desenvolver; e na parte práctica se desenvolverá un caso práctico e se contestará a unha serie de preguntas relacionadas co mesmo. Así mesmo, o estudante terá que facer unha presentación e exposición dun libro indicado na plataforma docente, de conformidade coas porcentaxes que constan na Guía Docente.

2. Segunda oportunidade. Os estudantes que superando a avaliación continua non alcanzasen a cualificación mínima farán un exame similar ao da primeira convocatoria, e se lles conservarán as cualificacións obtidas no proceso de avaliación continua. Os estudantes que non se acollesen a avaliación continua terán dereito a un exame final teórico e práctico similar ao da primeira convocatoria, que constituirá o 100 % da cualificación da materia.

3. Convocatoria fin de carreira. Para aqueles estudantes que se matriculen na convocatoria de fin de carreira, o exame consistirá nun exame sobre a materia obxecto do Programa da asignatura. As datas de exame de todas as convocatorias estarán fixadas e a disposición dos estudantes tanto na propia Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como na súa páxina web.

Recoméndase para que os estudantes participen na avaliación continua, que suban a súa ficha de estudante á plataforma TEMA.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

PECES-BARBA MARTÍNEZ, G. et al, **Curso de Teoría del Derecho**, Marcial Pons, 2013

DE LUCAS, J. et al, **Introducción a la teoría del Derecho**, Tirant lo Blanch, 2002

ATIENZA, M., **El sentido del Derecho**, Editorial Ariel, 2001

FERRAJOLI, L., **Derechos y garantías**, Editorial Trotta, 2016

BONORINO RAMÍREZ, P. R., **Introducción á teoría do dereito**, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2011

### **Bibliografía Complementaria**

BOBBIO, N., **Teoría General del Derecho**, Editorial Olejnik /Temis / Debate, 2017/2016/1994

NINO, C. S., **Introducción al análisis del derecho**, Editorial Ariel, 2013

PÉREZ LUÑO, A. E. et al, **Teoría del Derecho**, Editorial Tecnos, 2011

KELSEN, H., **Teoría Pura del Derecho**, Editorial Trotta, 2013

PRIETO SANCHÍS, L. et al, **Lecciones de Teoría del Derecho**, Editorial Mac Graw Hill, 1997

HART, H. L. A., **The Concept of Law**, OUP Oxford, 2012

ROSS, A., **Sobre el derecho y la justicia**, Eudeba, 1997

DWORKIN, R., **Los derechos en serio**, Editorial Ariel, 2012

DWORKIN, R., **Justice for hedgehogs**, Belknap Harvard, 2013

PACHO BLANCO, X. M., **Lenguas y Constitución. Interpretación y análisis iusfilosófico del artículo 3 de la Constitución**, Aranzadi Thomson Reuters, 2018

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103

Dereito: Dereito romano/V08G081V01104

---

### **Outros comentarios**

Preténdese con esta asignatura que o estudante enfoque axeitadamente o estudo das asignaturas futuras e que obteña unha comprensión adecuada da dimensión xurídica.

Tamén se examinarán as últimas correntes doutrinais e xurisprudenciais fundamentais para entender o sentido do Dereito: postconstitucionalismo, postpositivismo, etc.

Esta materia impártese tamén no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao Ade-Dereito no primeiro cuatrimestre do primeiro curso, e o profesor responsable é Xosé Manuel Pacho Blanco (xmpacho@uvigo.es).

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

---

#### **ADAPTACIÓN METODOLÓXICA**

Se por razóns de urxencia sanitaria derivada da crise do Covid-19, se tomase a decisión de suspender as sesións presenciais, a docencia desta asignatura farase do seguinte xeito:

-Campus virtual.

As correspondentes sesións desta asignatura serán impartidas polo profesorado mediante a plataforma da Universidade de Vigo, ou de ser necesario por calquera outra plataforma virtual, de conformidade coa guía docente da asignatura (traballo autónomo, titorías, sesións adicionais, etc.).

-Faitic e correo electrónico.

A través desta plataforma daráselle ao estudante os materiais necesarios para a preparación e o desenvolvemento da asignatura.

#### **BIBLIOGRAFÍA**

A indicada como esencial na propia Guía Docente servirá como referencia para complementar a preparación da asignatura.

#### **ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN**

-Exame oral online, 50%

Proba obxectiva dirixida a provocar a lembranza da aprendizaxe previa. Poderá consistir na realización dunha pregunta loga, de varias preguntas curtas ou nunha proba tipo test, segundo as circunstancias sanitarias existentes.

Para superar a materia será necesario acadar nesta proba un mínimo de 5 sobre 10.

-Prácticas online, 30%

Resolución de casos prácticos, destinados a valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, a análise e o razoamento crítico, mediante a plataforma virtual.

-Presentación on line, 20%

Presentación dun tema ou dun libro relevante para o estudo da teoría do Dereito e do pensamento xurídico, e análise crítico do mesmo.

---